

---

# UN PASEO POLO PARQUE

Texto e ilustracións de ANTHONY BROWNE

Tradución de SANDRA e ÓSCAR SENRA GÓMEZ

---

Encadernado en cartón. 24,8 x 32 cm. 32 páx. 15 €.

**Un paseo polo parque** (galego)

ISBN 978-84-8464-687-7. Tras os montes.

**Una passeggiada pel parc** (catalán)

ISBN 978-84-8464-820-8. Kalandraka.

**Osteratxo bat parkean** (eúscaro)

ISBN 978-84-7681-771-1. Kalandraka-Pamiela

**Um passeio pelo parque** (portugués)

ISBN 978-989-749-005-7. Livros para sonhar.

*Unha mañá, o señor Ferreiro e a súa filla, Mancha, saíron a pasear co seu can, Alberte.*



*Esa mesma mañá, a señora Ferrín e o seu fillo, Carlos, saíron a pasear coa súa cadela, Vitoria.*

*Mancha, o señor Ferreiro e o seu can Alberte entraron no parque.*

*A señora Ferrín, Carlos e a súa cadela Vitoria chegaron pouco despois...*

“Un paseo polo parque” comeza como dúas historias paralelas que se unen grazas á naturalidade e á inocencia coa que dous nenos e os seus cans traban amizade no parque, mentres o pai de Mancha e a nai de Carlos non se falan nin se miran ata a hora de voltaren todos ás súas respectivas casas. A incomunicación e o individualismo dos adultos quedan confrontados coa interacción progresiva dos rapaces e mais coa absoluta liberdade coa que actúan as súas mascotas.

O máis chamativo de “Un paseo polo parque” -un dos primeiros libros infantís de Anthony Browne- é que cómpre fixarse ben nas ilustracións, cheas de detalles alleos ao relato: dende referencias culturais como a homenaxe ao cadro *His master's voice* de Barraud, ás figuras de Tarzán e Charlot, ou á Estatua da Liberdade; ata brincadeiras de diversión como sombras, troncos ou patas de banco con forma humana; pasando por estraños personaxes que transitan por un enigmático bosque.



---

■ **Temática:** amizade vs. incomunicación.

■ **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.

■ **Aspectos destacables:** clásico de 1977; do autor e ilustrador de “No bosque”, “Sacapenas”, “O libro dos porcos”, “Que tal estás?” e “Un gorila. Un libro para aprender a contar”; a espontaneidade infantil fronte o illamento dos adultos; texto sinxelo; lectura visual, ilustracións con detalles surrealistas; referencias culturais.

---

## Anthony Browne

(Sheffield, Inglaterra, 1946)

Graduado no Leeds College of Art, especializouse en deseño gráfico. O seu afán perfeccionista pola representación da figura humana provén da influencia dos seus primeiros traballos como debuxante de temas médicos nun hospital de Manchester. A súa adicación á ilustración infantil corresponde a unha etapa posterior, como deseñador de tarxetas de felicitación. O seu estilo revela un interese polos pintores surrealistas, as escenas oníricas e a introdución de elementos estraños nas ilustracións. Entre os galardóns que recibiu destacan a Medalla Kate Greenaway, o premio Kurt Maschler, a Medalla Children's Laureate 2009, e o Premio Hans Christian Andersen 2000 pola súa traxectoria. É un dos autores ingleses máis prestixiosos pola súa contribución ao desenvolvemento de novas formas de ler, ver e relacionarse coa linguaxe plástica. Así o demostran títulos como “No bosque”, “Sacapenas”, “O libro dos porcos”, “Que tal estás?” ou “Un gorila. Un libro para aprender a contar”, editados por KALANDRAKA. O seu traballo crea un universo cheo de referencias culturais e artísticas, pistas visuais e claves que valoran a intelixencia do lector para completar e interpretar o texto, independentemente da súa idade.

---

www. **kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com

---